

Para que serve a escolla (consulta)?



Como se crea unha escolla?

1. Dende a páxina principal do curso, pulsa a opción "**Activar edición**".
2. No tema que se desexe, preme "**Engadir unha actividade ou un recurso**".
3. Selecciona a actividade de tipo "**Escolla**".
4. Finalmente, pulsa o botón "**Engadir**".

Os aspectos a configurar clasifícanse por apartados, igual que no resto de actividades. Destacamos os seguintes:

xeral

Aquí debemos introducir o nome como título no campo "**Nome escollido**" e un pequeno texto descritivo no campo "**Descrición**".

opcións

- **Permitir actualizar a escolla** = permítelle ao alumnado a posibilidade de cambiar de opción, despois de que responda.
- **Limitar o número de respostas permitidas** = esta opción permite limitar o número de participantes que poden seleccionar cada opción de escolla. Cando se acada o límite, ninguén máis pode seleccionar esa opción. Se os límites se presentan desactivados, calquera número de participantes pode seleccionar calquera das opcións.

Resultados

Neste apartado podemos elixir se o alumnado poderán ver os resultados da Escolla, así como se se desexa mostrar os datos de todo o alumnado xunto coa súa resposta escollida.

Tamén, se se desexa, pódese mostrar unha "**columna de non respondidas**" co alumnado que aínda está pendente de responder.

Na escolla o "modo de grupo" compórtase da seguinte maneira Sen grupos = o límite de alumnado afecta a todos por igual.

Grupos separados = o límite de alumnado por resposta aplícase só ás persoas que pertencen a un mesmo grupo. Despois de responder, poderán ver (*) unicamente as respostas do seu propio grupo.

Grupos visibles = igual que "grupos separados", pero ademais permite que calquera alumno e alumna poida ver (*) o número de respostas de cada grupo.

(*) No caso de que o profesorado permita ver os resultados ao crear a escolla.